

Demandamos do Intercentros un Referendo

O 1 de xullo pasado dende a CIG remitimos o seguinte texto ao Comité Intercentros:

O sindicato CIG diríxese ao Comité Intercentros para que este convoque un REFERENDO antes da sinatura do Convenio Colectivo. Solicitaríamos se tivese en conta o seguinte:

Realizaranse asembleas previas en todas as provincias.

- Todos os sindicatos, na medida das súas posibilidades, poderán asistir e dar a súa opinión nas citadas asembleas.
- O Comité Intercentros solicitará á Empresa os medios necesarios de infraestrutura (urnas, mesas, censos...) para que o referendo sexa o máis amplo e transparente posible.

As cuestións que se están a tratar na mesa de negociación colectiva, tanto a destrución de emprego do ERE como os cambios nas nosas condicións laborais que implicará o novo convenio, deben ser consultados antes da súa aprobación.

A empresa pretende reducir aínda máis a plantilla para acabar externalizando practicamente todas as actividades, quedándose cun cadro de persoal pequeno e dividido o que lle facilitará recortarnos dereitos ano tras ano.

Esta transformación da empresa non pode facerse de costas aos traballadores e traballadoras polo que é imprescindible que sexa referendado. Así o temos expresado no Pleno do Comité da Coruña do 3 de xuño, onde presentamos as seguintes propostas de resolución:

Propostas de Resolución da CIG ao Comité de Empresa da Coruña:

- 1.- O comité de Empresa da Coruña rexeita a redución de emprego na Telefónica. Esta empresa ten capacidade para crear emprego de calidade mantendo a actividade e recuperado outras que están subcontractadas.
- 2.- O comité de Empresa da Coruña acorda dirixirse ao Comité Intercentros para que non se asine o ERE e o novo CC se non hai un posicionamento favorable do cadro de persoal expresado en referendo.

A primeira proposta despois de ser debatida foi aprobada por unanimidade co seguinte texto:

O comité de Empresa da Coruña rexeita a redución de emprego na Telefónica.

Non sabemos como se pode facer compatible esta afirmación coa aprobación dun ERE no que se destrúen mais de 6000 empregos.

No caso da segunda proposta non contou co apoio da maioría do Comité, a nosa intención foi que a demanda saíse do Comité pero ao non ser posible dirixímonos como CIG ao Comité Intercentros, tal e como consta neste comunicado.

A Coruña 4 de xullo de 2011